



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA
CELEBRADA O DÍA 4 DE XUÑO DE 2021**

ALCALDESA EN FUNCIONS

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. Mariano Iglesias Castro.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de xuño de 2021, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Alcaldesa en funcións declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día.

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2021.

Abre a sesión o Sr. Alcaldesa en funcións preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.



Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. MOCIÓN DO BNG PARA UNHA ATENCIÓN SANITARIA DE CALIDADE NO CONCELLO DE MESÍA.

A Sra. Alcadesa en funcións pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN PARA UNHA ATENCIÓN SANITARIA DE CALIDADE NO CONCELLO DE MESÍA

O grupo municipal do BNG presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte moción para unha atención sanitaria de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia puxo aínda máis de manifesto a falta de recursos en atención primaria, acumulados despois de anos de recortes. Nese contexto, o SERGAS optou pola consulta telefónica preferente, que se foi tornando case en exclusiva, coa conseguinte demora en diagnósticos, problemas nas persoas con doenzas crónicas, retrasos nas prestacións hospitalarias...

E, mentres se foi recuperando parcialmente a normalidade -aulas presenciais, restauración semi-aberta...- a atención primaria segue as mesmas normas que nos peores momentos da pandemia, agás nos casos en que a profesionalidade do persoal sanitario, sempre escaso para as necesidades de atención da poboación, foi, non obstante, abrindo as portas a unha atención presencial.

A carencia de persoal é evidente no concello de Mesía, onde a consulta pediátrica non existe desde o inicio da pandemia, obrigando ao desprazamento ao Centro de Saúde de Ordes onde tamén hai escaseza de facultativos, sen que até o momento estea previsto a recuperación do servizo. A matrona que prestaba servizos no concello vén de xubilarse, sen que o SERGAS previra a cobertura da praza, o que significará que as mulleres de Mesía terán que desprazarse a Ordes onde tamén é escaso o persoal para a atención a toda a comarca (recordemos que o servizo de matronas intervéen en aspectos tan relevantes como o embarazo, o parto e o posparto, a lactación, a educación afectivo-sexual, a lactación, a menopausa, o apoio á consulta xinecolóxica...)

Á vista de todo o exposto o BNG propón ao Pleno da corporación de Mesía a adopción do seguinte

ACORDO:



O concello de Mesía demanda á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e, en concreto, ao SERGAS

1.-A cobertura do servizo de matrona.

2.- A reposición do servizo de atención pediátrica.

3.- A recuperación do servizo de atención médica presencial en condicións semellantes ás anteriores ao inicio da pandemia.

Mesía, 27 de maio de 2021. Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”

Manifesta o Sra. Alcaldesa en funcións que o luns hai unha reunión da Mancomunidade na que se tratará o tema da matrona, que afecta a varios concellos, e parece que tiñan pensado poñer un servizo a maiores, pero estamos de acordo coa moción.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa en funcións somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTABLE, XUSTA E GALEGA FRENTE Ó ESPOLIO E A DEPRDACIÓN.

A Sra. Alcaldesa en funcións pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“Moción en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.



Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.



Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

- 1.** *Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.*
- 2.** *Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.*
- 3.** *Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.*
- 4.** *Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:*
 - a)** *Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.*
 - b)** *Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e*



infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

Mesía, 27 de maio de 2021. Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

Pide a palabra o Sr. López, quen manifesta que, logo de conversas coa Consellería de Industria e Medio Ambiente, nos transmitiron que eles os proxectos acéptanos todos, e se lles van acumulando, pero non quere dicir que vaian a saír todos para diante. Ademais, non van facer nada sen contar cos concellos.

Manifesta o Sra. Alcaldesa en funcións que algunhas das cuestións que recolle a moción xa as alegamos nós, polo que o noso grupo tamén votará a favor.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa en funcións somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG SOBRE O INCREMENTO DOS ABUSOS BANCARIOS CONTRA AS PERSOAS CONSUMIDORAS E O DETERIORO DOS SERVIZOS FINANCEIROS EN GALICIA



A Sra. Alcaldesa en funcións pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

*“O Grupo Municipal do BNG de Mesía, a iniciativa da súa Portavoz Beatriz Louro López, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.***

Exposición de motivos

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precarización de emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos moitas veces dúbidosos ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de galegidade do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017. A perda de músculo financeiro de Galiza foi analizada polo nacionalismo galego como un dos principais problemas do noso país, con graves consecuencias no tecido económico e produtivo.

Desde o BNG seguimos defendendo que a alternativa a esta situación pasa necesariamente por medidas estruturais para regular o sector financeiro para limitar a especulación e subordinar a actividade financeira ás necesidades socioeconómicas do noso país. Para iso, apostamos polo impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores,



que sofren constantes ERE e precarizacións. Coa irrupción da pandemia do coronavirus a cobiza das entidades vai a máis e empregan o coronavirus coartada para seguir adiante cunha folla de ruta de olipolización orquestrada tamén a nivel europeo e internacional.

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Abanca incrementaba de forma substancial as súas comisións e cambiaba as condicións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos, como é o do Banco Santander, é xa imposible pasar diante dunha sucursal sen ver enormes colas que non se explican pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrigalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas. A gota que colmou o vaso foi a campaña publicitaria que Abanca tivo que retirar por presión social ao “convidar” aos noso maiores a empregar este soporte da mesma maneira que ven as e os netos na tableta. A campaña é só a punta do iceberg do que está acontecendo e do desamparo que sofren as e os consumidores, especialmente os máis maiores e as persoas con peores situacións económicas, que non son clientes interesantes para as entidades, que buscan elimitalos. O feito de Abanca retirar a campaña non está a supoñer un cambio no modus operandi desta ou doutras entidades.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

Esta grave situación fai necesaria unha ampla resposta social e política ante a inacción do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, ou do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.

Por todos estes motivos, o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes**:



Acordos

1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.

2., Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencia campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3. Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

Mesía, 28 de maio de 2021. Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA”

Manifesta o Sra. Alcaldesa en funcións que tamén nós notamos que este tema está afectando aos veciños que teñen que facer ingresos ao concello, que non lles deixan xa ir por ventanilla. O noso grupo votará a favor.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa en funcións somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS.

A Sra. Alcaldesa en funcións pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

*Beatriz Louro López, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,*



Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Mesía á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000005

incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Ministerio de Fomento.

Mesía, 28 de maio de 2021. Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA”.

Manifesta o Sra. Alcaldesa en funcións que o noso grupo votará a favor de todo o que sexa mellorar os servizos.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa en funcións somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. MOCIÓNS

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

7. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (119/2021 A 197/2021).

Manifesta a Sra. Alcaldesa en funcións que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 119 Ó 197 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
119	Facenda municipal	ADHESIÓN CONVENIO ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA ZESTIÓN RECADATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS	03/06/2021 1
119	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno ordinario 4/2021 do 09/04/2021	06/04/2021 1
120	Economía e facenda	Execución do gasto	06/04/2021 1
121	Axudas veciñais	Aprobación pago axudas PEL REACTIVA 2020	06/04/2021 1
122	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/04/2021 1



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000005

RELACIÓN DE DECRETOS DO 119 Ó 197 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
123	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/04/2021
124	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/04/2021
125	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/04/2021
126	Economía e facenda	Convocatoria Comisión Especial de Contas 2020	08/04/2021
127	Economía e facenda	Execución do gasto. Nómina peón forestal do 1 ao 5 de abril por finalización contrato.	08/04/2021
128	Servizos sociais	Baixa usuario no Servizo de axuda no fogar	08/04/2021
129	Intervención e facenda municipal	Aprobación provisional do Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	08/04/2021
130	Economía e facenda	Xeración de crédito 01/2021. Subvención Deputación Programa de Integración Laboral 2021	08/04/2021
131	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	08/04/2021
132	Persoal	Aprobación bases e convocatoria proceso selectivo catro peóns ao abeiro do Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021	08/04/2021
133	Economía e facenda	Execución do gasto 09/04/2021	09/04/2021
134	Servizos sociais	Solicitude subvención promoción igualdade	09/04/2021
135	Servizos sociais	Baixa usuario no Servizo de axuda no fogar	12/04/2021
136	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	12/04/2021
137	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	13/04/2021
138	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	13/04/2021
139	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 09/2021 do 15/04/2021	13/04/2021
140	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	14/04/2021
141	Axudas veciñais	Concesión axuda nacemento fillo	15/04/2021
142	Contratación	Adxudicación contrato menor de servizos de "ELABORACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA DO CONCELLO DE MESÍA"	16/04/2021
143	Economía e facenda	Execución do gasto 16/04/2021	16/04/2021
144	Persoal	Nomeamento de secretaria - accidental do Xulgado de Paz de Mesía	16/04/2021
145	Servizos Sociais	Baixa usuario no Servizo de axuda no fogar	19/04/2021
146	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	19/04/2021
147	Persoal	Aprobación relación provisional admitidos-excluidos proceso selectivo peóns PEL CONCELLOS REACTIVA 2021	20/04/2021
148	Persoal	Aprobación relación definitiva admitidos-excluidos proceso selectivo peons, nomeamento tribunal, probas. PEL CONCELLOS REACTIVA 2021	24/04/2021



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000005

RELACIÓN DE DECRETOS DO 119 Ó 197 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
149	Economía e facenda	Pago a xustificar 001/2021. Execución do gasto 23/04/2021	26/04/2021
150	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	26/04/2021
151	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	26/04/2021
152	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	26/04/2021
153	Economía e facenda	Execución do gasto 27/04/2021	27/04/2021
154	Persoal	Nomeamento peóns e lista de reserva_PEL CONCELLOS REACTIVA 2021	27/04/2021
155	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria XGL 10/2021 do 30/04/21	28/04/2021
156	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	28/04/2021
157	Servizos sociais	Acordo solicitude subvención Plan Concertado 2021	28/04/2021
158	Economía e facenda	Execución do gasto 29/04/21. Nóminas do mes de abril	29/04/2021
159	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	29/04/2021
160	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	30/04/2021
161	Servizos sociais	Acordo solicitude subvención infravivenda 2021	30/04/2021
162	Economía e Facenda	Execución do gasto 03/05/2021	03/05/2021
163	Contratación	Aprobación expediente adquisición directa ben inmovible para aparcadoiro no lugar de Lanzá, parroquia de San Mamede de Lanzá. Expte. CP 01/2021	04/05/2021
164	Persoal	Aprobación bases e convocatoria proceso selectivo para a contratación de dous/dúas socorristas ao abeiro do Programa Socorrismo exercicio 2021	04/05/2021
165	Subvencións	Solicitude de subvención para obras de abastecemento, saneamento e depuración	05/05/2021
166	Subvencións	Acordo solicitude subvención Aprol Rural 2021	05/05/2021
167	Economía e facenda	Execución do gasto 05/05/2021	05/05/2021
168	Servizos Sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI mes maio 2021	06/05/2021
169	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	06/05/2021
170	Subvencións	Acordo solicitude subvención Fomento de Emprego 2021	06/05/2021
171	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	06/05/2021
172	Economía e facenda	Execución do gasto 07/05/2021	07/05/2021
173	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	10/05/2021
174	Servizos sociais	Baixa usuario no Servizo de axuda no fogar	10/05/2021



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000005

RELACIÓN DE DECRETOS DO 119 Ó 197 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
175	Economía e facenda	Xeración de crédito 02/2021. Subvención Xunta. Mellora das coleccións bibliográficas. Diferenzas entre presupostado e concedido.	10/05/2021
176	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	10/05/2021
177	Economía e facenda	Xeración de crédito 03/2021. Subvención Rede Cultural 2021. Diferenzas entre presupostado e concedido.	10/05/2021
178	Facenda municipal	Aprobación do Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal do 1º ttre. 2021	11/05/2021
179	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria XGL 11/2021 do 13/05/21	11/05/2021
180	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	12/05/2021
181	Economía e facenda	Execución do gasto 13/05/2021	13/05/2021
182	Servizos sociais	Liquidación SAF mes febreiro	14/05/2021
183	Contratación	Adjudicación contrato compravenda finca en Lanzá	14/05/2021
184	Persoal	Aprobación lista provisional de admitidos/as - excluídos/as no proceso selectivo de dous/dúas socorristas	19/05/2021
185	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	20/05/2021
186	Economía e facenda	Xeración de crédito 04/2021. Plan de mellora de camiños Agader 2020-2021 (Anualidade 2021)	20/05/2021
187	Persoal	Convenio de colaboración entre o Concello de Mesía e o Concello de Sobrado dos Monxes en materia de contabilidade	24/05/2021
188	Servizos sociais	Baixa usuaria no Servizo de axuda no fogar	24/05/2021
189	Persoal	Aprobación relación definitiva admitidos-excluídos proceso selectivo socorristas, nomeamento tribunal, proba.	25/05/2021
190	Servizos sociais	Liquidación SAF mes marzo 2021	25/05/2021
191	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 12/2021 do 28/05/2021	26/05/2021
192	Economía e facenda	Execución do gasto 28/05/2021	28/05/2021
193	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	28/05/2021
194	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	28/05/2021
195	Subvencións	Acordo solicitude subvención adquisición e instalación equipamento de medida caudal_rede de abastecemento auga potable municipal	31/05/2021
196	Contratación	Aprobación expte. de contratación C01/2021 obra "Camiño Cruce de Vilar a Coba de Vales (Cabruil)"	31/05/2021
197	Facenda municipal	Aprobación definitiva do Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	31/05/2021

Non habendo intervencións, pasa a Sra. Alcaldesa en funcións ó seguinte punto da orde do día.



8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 5, 15 E 30 DE ABRIL E 13 DE MAIO DE 2021.

Manifesta a Sra. Alcadesa en funcións que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Manifestan a Sra. Louro e o Sr. López que non lles chegaron por correo electrónico as copias destas actas, polo que a Sra. Alcadesa en funcións di que darase conta das mesmas novamente na vindeira sesión plenaria.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta a Sra. Alcadesa en funcións que a Sra. Louro presentou dous rogos por rexistro, dos que se deu copia a todos os concelleiros.

Pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA QUE SE DEMANDE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES O ARRANXO DA N-634 AO SEU PASO POLA COOPERATIVA DE FRADES.

Da Central de Frades, a Cooperativa, fan parte tamén veciños e veciñas de Mesía. Xa que logo, os problemas da Cooperativa inciden tamén no noso concello e neste momento teñen un ao que desde o concello de Mesía podemos contribuír á súa solución. É o que ten que ver cos accesos; por razóns de seguridade, hai uns poucos anos procedeuse a transformar en continua a raia central da N-634, obrigando a un maior desprazamento e dificultando as entradas e saídas de camiións. Pero é obvio que unha acaída modificación do trazado da N-634 permitiría un acceso seguro e facilitaría unha posible expansión dos servizos da cooperativa.

O Concello de Frades ven de aprobar por unanimidade unha proposta para reclamar melloras na N-634. É, xa que logo, un bo momento para sumar na xusta demanda de mellorar os accesos á cooperativa.

O BNG solicita que

O goberno de Mesía se dirixa ao Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana para demandar unha intervención na N-634 co obxectivo de mellorar o acceso á Central de Frades, Central Cooperativa Galega, por tratarse dunha sociedade cooperativa importante para a zona e, en particular, para os intereses da veciñanza de Mesía.

Mesía, 27 de maio de 2021. Beatriz Louro López. Portavoz do grupo municipal do BNG



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”

Manifesta a Sra. Alcaldesa en funcións que estamos de acordo co rogo e demandaremos esta intervención en canto favorece aos veciños.

De seguido, novamente toma a palabra á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA A PUBLICIDADE DOS PLENOS

Segundo o disposto no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, “as sesións do Pleno das corporacións locais son públicas”. Pero, para poder acceder a elas, a veciñanza ten que coñecer con antelación o día e a hora e debe ademais facilitárselle a Orde do Día dos Plenos. Así mesmo, é de interese, en virtude da necesidade de transparencia e do procedente fomento da participación cidadá, difundir a acta dos Plenos e mesmo o seu desenvolvemento, o que xa é habitual, se non na maioría, en moitos concellos.

Polo exposto, o Bloque Nacionalista Galego SOLICITA

- *A convocatoria dos plenos (con día, hora e Orde do Día) na páxina web municipal e, se así se considerase, tamén na páxina de Facebook do concello.*
- *A publicación das actas na web municipal, ben en forma escrita ben en formato vídeo.*
- *A gravación audiovisual dos plenos e a súa difusión posterior na web do concello*

Mesía, 27 de maio de 2021. Beatriz Louro López, Portavoz do grupo municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”

Sinala a Sra. Alcaldesa en funcións que as convocatorias xa se publican na páxina web, na sección do taboleiro de anuncios electrónico, e as actas noutro apartado da propia páxina web, dende que están aprobadas. Veremos a posibilidade de publicalas tamén no apartado de novas. A gravación das sesións, en principio, e tratándose dun concello pequeno como o noso, non a contemplamos; quizá nun futuro.

Pregunta o Sr. López polo custo do xornal deportivo e a persoa que o leva, respostando a Sra. Alcaldesa en funcións que o leva a técnica deportiva, Elena, e non ten custe ningún.

Fai así mesmo o Sr. López un rogo, solicitando a asignación dun local para o



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000005

seu grupo, para non ser discriminado con respecto a o outro grupo da oposición, e que, cando menos, podían ter preguntado.

Sinala a Sra. Alcaldesa en funcións que miraremos as alternativas. Aproveito para dicir que o propio local do BNG pode ser que se necesite para calquera cousa e teñamos que buscar outro.

A Sra. Louro agradece a posta a disposición do local.

Manifesta a Sra. Alcaldesa en funcións que, en todo caso, a Casa da Cultura está a disposición de todos.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa en funcións, sendo as trece horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
A Alcaldesa en funcións
D^a Pilar Sánchez Ulloa.